XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral Técnica
Subdirección Xeral de Seguridade Viaria e Inspección

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

TÁBOA DE VIXENCIAS DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ESTRADAS DE GALICIA

Tipo de disposición: Anteproxecto de Lei

Materia: Estradas de Galicia

O anteproxecto de Lei de Estradas de Galicia afectaralle, do xeito que se indica en cada caso, ás seguintes disposicións en materia de estradas:

- Derrogará a Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia.

- Conservará a súa vixencia o Decreto 308/2003, de 23 de xuño, polo que se aproba a relación de estradas de titularidade da comunidade autónoma de Galicia.

- Seguirá a ser de aplicación supletoria o Regulamento Xeral de Estradas, aprobado polo Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, ou o que o veña substituír, no que non se opoña ó Anteproxecto da Lei de Estradas de Galicia, en tanto non se aprobe o seu propio Regulamento de desenvolvemento.

- Seguirán a ser de aplicación supletoria as normas e instrucións de contido técnico aprobadas polo Ministerio de Fomento para as estradas da Rede de Interese Xeral do Estado, ou as que as veñan a substituír, no que non se opoña ó Anteproxecto da Lei de Estradas de Galicia ou ó Regulamento aplicable, en tanto consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas non dite normas ou instrucións técnicas nos diferentes aspectos.